

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

*ACORDO do 3 de marzo de 2023, da Zona Centro, polo que se somete a información pública a tramitación dunha modificación substancial, por ampliación do prazo inicial por execución de investimentos relevantes (Invest), código-MS1:11, para ampliación do prazo extraordinario da concesión administrativa de construción dunha nave para envase, almacenamento de pertreitos, tratamento de peixe e depósito de caixas, outorgada á Sociedad Cooperativa Gallega del Mar Santa Eugenia, no dominio público portuario de Ribeira (código 12-48-99-C-1).*

Está en trámite unha modificación substancial, por ampliación do prazo inicial por execución de investimentos relevantes (Invest), código-MS1:11, para ampliación do prazo extraordinario da concesión administrativa de construción dunha nave para envase, almacenamento de pertreitos, tratamento de peixe e depósito de caixas, solicitada polo concesionario, con base no proxecto de mellora de eficiencia enerxética e calidade ambiental mediante a substitución de luminarias e a reparación de acabados nunha nave para envase, almacenamento de pertreitos, tratamento de peixe e nave para depósito de caixas, asinado en xaneiro de 2023 polo enxeñeiro industrial José Ramón Álvarez Arnau, colexiado nº 199, e o plano da tramitación autorizada pola Resolución asinada pola presidenta de Portos de Galicia.

O que se fai público, para os efectos previstos no artigo 70 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (DOG núm. 236, do 14 de decembro), para que as persoas e entidades interesadas podan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas nas oficinas da Zona Centro, sitas na avenida do Porto, nº 5, 1º, 15006 A Coruña, no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. A documentación está á disposición na web [www.portosdegalicia.com](http://www.portosdegalicia.com)

A Coruña, 3 de marzo de 2023

Lorena Solana Barjacoba  
Xefa da Zona Centro de Portos de Galicia

